



Concello de Guitiriz

ANUNCIO

MODIFICACIÓN DA DATA DO EXAME NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN DE TRES PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE. Expte. 889/2019.

O **28/09/2020** a **Alcaldía** do Concello de Guitiriz ditou Decreto no que á vista da solicitude dun dos interesados, que debe manterse en corentena por ser positivo en covid-19, **acordou pospoñer a data do exame** no proceso de selección de tres peóns de servizos múltiples, como persoal laboral fixo mediante concurso-oposición libre (en execución das OEP dos anos 2017 e 2019, dentro do proceso de estabilización de emprego temporal do art. 19.Uno.7. da LOXE de 2018) como medio para garantir o principio de igualdade dos aspirantes realizando a mesma proba.

Convócase aos aspirantes para a realización da primeira proba da fase de oposición, o exame tipo test, na aula Cemit do Concello de Guitiriz (R/ do Concello nº 42, detrás da Casa Habanera) **o día 29 de outubro ás 16:30 horas.**

Conforme á base 6.2 da convocatoria, a segunda proba consistente na realización dun suposto práctico, celebrarase na mesma sesión a continuación do exame tipo test.

A data sinalada queda suxeita a posibles modificacións, se como consecuencia das medidas para a prevención e manexo da crise sanitaria ocasionada pola Covid-19 fora necesario pospoñela. Antes da data de realización do exame publicaranse na web e na sede electrónica do Concello de Guitiriz as medidas preventivas a adoptar para a realización das probas.

A Alcaldía acortou publicar a resolución no taboleiro de anuncios, na páxina web (concellodeguitiriz.com) e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE
A Alcaldesa en funcións (P. D. 2020-0632 de 25/09/2020)
Paula Campo Barral

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 46PXRFE4T3HGYHEYKQNMGYH66 | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1